



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E
A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN
DAS OBRAS DE CONSERVACIÓN E MELLORA DA ENVOLVENTE NO
CONXUNTO ARQUITECTÓNICO DOS COLEXIOS DE FONSECA E S. XEROME**

REUNIDOS

Por unha parte, D. Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da **Axencia de Turismo de Galicia**, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Por outra, D. Antonio López Díaz, Reitor da **Universidade de Santiago de Compostela** segundo nomeamento efectuado polo Decreto 57/2018, de 31 de maio (DOG de 5 de xuño), actuando en nome e representación da mesma en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, e do artigo 82 do Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A e sede social no Pazo de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, CP 15782 de Santiago de Compostela.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia é a axencia pública autonómica creada co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.





Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos. No exercicio das súas funcións correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a USC é unha institución de dereito público que ten como finalidade a prestación do servizo público da educación superior mediante a docencia, o estudio e a investigación.

Que a USC é a titular dos colexios de Fonseca e de San Xerome.

Terceiro.- Que o conxunto arquitectónico composto polos colexios de Fonseca e de San Xerome conforma unha mazá singular na trama urbana da cidade de Santiago de Compostela, cidade Patrimonio da Humanidade. Está mazá cerra a praza do Obradoiro pola súa parte meridional, dando á mesma a fachada principal do Colexio de San Xerome, que se converte así na fachada sur da praza.

O **Colexio de Fonseca**, ou de Santiago Alfeo, é o edificio máis antigo e máis grande do conxunto.

Está situado coa fronte da fachada principal á rúa de Fonseca, lateral esquerda a travesía de Fonseca, dereita o Colexio de San Xerome e posterior a patio e rúa de Raxoi.

O edificio principal está desde a reforma de 1978 desdoblado en varias funcións, por unha banda, está destinado a situar o servizo da Biblioteca Xeral da Universidade, Biblioteca América, salas de investigadores, actos académicos no Salón Nobre ou Salón de Graos, e por outro en salas de exposicións no Salón de Artesonado e a antiga Capela.

Consta de planta de semisótano, baixa e unha planta alta. No centro ten un patio porticado con arcos rebaixados na planta baixa apoiados sobre columnas prismáticas e arcos escarzanos





cunha galería na planta alta. O remate do conxunto da fachada pola parte superior, faise a base dunha recortada crestería pétreo de gran valor artístico sobre un friso de pedra.

Na planta baixa do edificio principal está situado no á dereita o Salón de Graos, que se utiliza para actos académicos da Universidade; no á esquerda da fachada principal que dá fronte a rúa de Fonseca está o Salón de Artesonado, que se utiliza para exposicións o mesmo que a antiga Capela, no á dereita de mesma rúa.

O resto do edificio está dedicado a Biblioteca Xeral da Universidade (sala de lectura, dirección, secretaría, catalogación, control de accesos...) cos servizos administrativos, aseos, etc. situados no á lateral esquerda con fronte á travesía de Fonseca. Na parte posterior, con fronte o patio están a Biblioteca América, sala de investigadores, hemeroteca, etc.

No edificio anexo posterior está o depósito de libros, distribuído en cinco plantas, e os cuartos de instalacións.

O outro edificio que compón o conxunto arquitectónico é o **Colexio de San Xerome**, actual reitorado da Universidade.

Este edificio dá fronte coa súa fachada principal á praza do Obradoiro, constituíndo o peche meridional da mesma. Ao leste, esquerda, dá á rúa de Fonseca, atrás ao Colexio de Fonseca, e á dereita ás edificacións particulares que completan a mazá ao oeste.

Consta dun pequeno semisótano, planta baixa, unha planta alta e planta baixo cuberta. No centro ten un patio porticado con arcos de medio punto na planta baixa, apoiados sobre columnas prismáticas, e xanelas na planta alta

Nas mesmas datas que o outro colexio, con proxecto tamén de Carlos Fernández-Gago Varela, fíxose unha reforma integral do edificio para adaptalo aos novos usos que se lle ían a dar ao mesmo (unha vez desaloxado pola Escola Normal de Maxisterio, que se trasladou a unha localización provisional, no Burgo das Nacións, para liberar este edificio). As obras executáronse baixo a dirección do autor do proxecto e do entón arquitecto da Universidade, Arturo Zas Aznar.



Desde esa reforma, o edificio veu acoillendo o reitorado da Universidade, xunto con boa parte dos servizos máis directamente vinculados ao goberno e xestión da mesma.

Cuarto.- Que resulta preciso unha intervención sistemática, dado o tempo transcorrido desde as últimas intervencións nos inmobles, tanto nas cubertas como nos paramentos verticais e na carpintería exterior, de xeito que se mellore a súa integridade. Por un lado, é necesario mellorar a estanquidade á auga e ao vento de cubertas e carpintería. Por outro, os paramentos de cantería, que son nos que menos se interveu nas ocasións anteriores, están necesitados dunha coidadosa limpeza que garante a súa durabilidade e evite o seu prematuro deterioro.

Quinto.- Que a celebración do Ano Santo Xacobeo no ano 2021 constitúe para a Comunidade Autónoma de Galicia unha oportunidade de potenciación de Galicia, así como de promoción e de reforzo da dimensión internacional do Camiño de Santiago e da propia comunidade.

A chegada de milleiros de persoas peregrinas e turistas nestes anos, e fundamentalmente de cara a celebración do Ano Santo no 2021, fan necesarias obras de acondicionamento da cidade, fundamentalmente na contorna da Catedral de Santiago, destino final das milleiras de persoas que chegarán a Santiago.

O conxunto arquitectónico composto polos colexios de Fonseca e de San Xerome sobre os que se realizaran as intervencións obxecto do presente convenio cerran a praza do Obradoiro, como antes se expuxo, motivo polo que resulta de interese para ambas partes a realización das citadas intervencións.

Concorren, así, razóns de interese público que xustifican o outorgamento dunha subvención sen que proceda promover a concorrència pública ao ser a USC á única entidade que pode desenvolver á actuación subvencionada, como titular dos inmobles.

En virtude do exposto, e co obxecto de fixar as condicións que rexerán tal colaboración, as partes conveñen a renovación do convenio de conformidade coas seguintes





CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer o marco de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a USC para a execución das obras de conservación e mellora da envolvente no conxunto arquitectónico dos colexios de Fonseca e San Xerome, que se detallan a continuación:

FACHADAS DE PEDRA:

- Limpeza de depósitos superficiais
- Limpeza de cantería histórica en húmido
- Selado das xuntas entre láminas de chumbo e paramentos
- Selado de xuntas con morteiro de cal coloreado
- Hidrofugado das superficies de pedra

PARAMENTOS EXTERIORES PINTADOS:

- Eliminación de pinturas de intervencións previas
- Imprimación acrílica con base de auga
- Pintura elastomérica anti-carbonatación

CUBERTAS:

- Retellado tella árabe con renovación parcial
- Impermeabilización elástica armada de canlóns





CARPINTERÍAS:

Eliminaranse as pinturas e vernices anteriormente existentes nas follas exteriores, mediante decapado e lixado, procedendo a un novo pintado e vernizado, de acordo coa carta de cores utilizada como referencia polo Consorcio de Santiago de Compostela, fixando previamente os vidros que o precisen, e repasando todos, en calquera caso. Sobre as devanditas follas faranse as mínimas modificacións posibles para mellorar substancialmente a estanqueidade, sen alterar en ningún caso nin a tipoloxía nin o aspecto das xanelas.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a 410.781,44€ (IVE incluído), co desagregamento establecido no anexo que forma parte integrante deste convenio.

A Axencia Turismo de Galicia realizará unha achega por importe máximo de 410.781,44€ con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.744.0 para o ano 2021, proxecto 2015 00006. Esta contía constitúe o importe máximo da subvención, quedando por conta da entidade a posible diferenza de financiamento necesario para a execución do obxecto do presente convenio.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19. 4. c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Terceira. - Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se **realicen a partir do 1 de xaneiro de 2021**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.





O IVE só será gasto subvencionable no caso de non repercutirse nin compensarse pola USC, ao abeiro do disposto no artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Cuarta.- Compromiso das partes

1. A USC, como entidade beneficiaria da subvención da Axencia Turismo de Galicia, asume as seguintes obrigas:

- Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia e incluír en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración a marca do Xacobeo 2021, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 167/2018, do 29 de novembro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2021 (DOG núm. 1, do 2 de xaneiro de 2019).
- Colocar un cartel de obra no que conste de xeito visible a colaboración da Xunta de Galicia de acordo co previsto no parágrafo anterior.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como





unha declaración responsable de non estar incursa en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Manter, de ser o caso, a propiedade sobre os investimentos subvencionados, e a vinculación destes á actividade económica que motivou a axuda, durante un período mínimo de 5 anos.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- Reintegrar, total ou parcialmente, a axuda percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas no presente convenio.
- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

Quinta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.





Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima.- Subcontratación.

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fora da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. A USC será o responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

 9





b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.

c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.

d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Oitava.- Xustificación e pagamento da subvención.

1º.- A achega da Axencia Turismo de Galicia será librada previa presentación da xustificación da execución das actividades subvencionadas, de acordo coa modalidade de conta xustificativa, de conformidade co artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e co artigo 48 do seu regulamento, que conterà a seguinte documentación:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:
 - a) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue segundo un orzamento indicaranse as desviacións producidas.
 - b) Ao tratarse dunha subvención concedida a unha Universidade, certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma en razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, de conformidade co artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.



- c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, se é o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a), agás naqueles casos en que as bases reguladoras da subvención preveren a súa compensación mediante un tanto global sen necesidade de xustificación.
- d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.
- e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario.
- f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.

3. Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

4. Detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e o logo do Xacobeo 2021.

5. Reportaxe fotográfica na que se constate o estado previo ao comezo da obra e o resultado final unha vez executada a mesma, así como a colocación do cartel de obra ao que se fai referencia na cláusula cuarta.

6. Por outro lado, a entidade beneficiaria deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere necesaria en relación coa xustificación do convenio.

2º De conformidade co artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o órgano concedente comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a

R





realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención.

Nas subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a inversións en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material da inversión polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario. A comprobación material definida no parágrafo anterior poderase encomendar a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.

Excepcionalmente, a comprobación material poderase substituír por unha xustificación documental que constate de xeito razoable e suficiente a realización da actividade subvencionada.

3º O prazo para xustificar a anualidade por parte da USC da aplicación dos fondos percibidos remata o **30 de novembro de 2021**. De non xustificarse en prazo a cantidade total subvencionada, a Axencia Turismo de Galicia minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4º. De conformidade co artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Universidade poderá substituír por declaración responsable a obriga de presentar a certificación prevista no artigo 10 do antedito decreto de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.





5°. A documentación correspondente á xustificación presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

6°. A comunicación relativa á obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7°. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Novena.- Pagamentos a conta e anticipados

Segundo se establece no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, poderanse realizar **pagamentos anticipados**, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio, por un importe máximo do 50% da subvención concedida. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada, de conformidade co disposto no artigo 63.1.Dous do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Coa solicitude de anticipo, a USC terá que presentar certificacións ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.





Poderanse realizar **pagos a conta**. Os pagamentos a conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas. A suma dos pagamentos a conta máis os anticipos previstos no parágrafo anterior non serán superiores ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados, de conformidade co disposto no artigo 62.2 do citado Regulamento.

Para proceder ao seu pagamento a USC deberá enviar a documentación xustificativa prevista na cláusula anterior. Os primeiros gastos xustificados servirán de xustificante do pagamento anticipado realizado. Unha vez xustificada a totalidade do anticipo, os seguintes gastos abonaranse mediante o sistema de pagamento a conta ata o límite do 80% referido.

A USC está exenta da obriga de prestar garantías para os pagamentos a conta e anticipados, de conformidade co disposto no artigo 65.4 c) do Regulamento antes mencionado.

Décima.- Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.





3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Décimo primeira.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a USC deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

Décimo segunda.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado pola USC e por un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo terceira.- Modificación do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Respecto da subvención concedida pola Axencia Turismo de Galicia, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo

de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Décimo cuarta.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo quinta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.





Décimo sexta.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décimo sétima.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en diante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGD) e demais normativa concordante. Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.





Décimo oitava.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2021.

Décimo novena.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio en Santiago de Compostela, a 26 de febreiro de 2021.

Pola Axencia Turismo de Galicia

O presidente

Alfonso Rueda Valenzuela

Pola Universidade de Santiago de Compostela

O reitor

Antonio López Díaz



ANEXO

ORZAMENTO

CAPÍTULO 01 COLEXIO DE FONSECA..... 253.169,58 88,74

CAPÍTULO 02 COLEXIO DE SAN XEROME..... 28.160,12 9,87

CAPÍTULO 03 GESTIÓN DE RESIDUOS..... 1.055,00 0,37

CAPÍTULO 04 P.A. PARTIDA ALZADA SEGURIDAD Y SALUD..... 2.900,00 1,02

PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN MATERIAL285.284,70

13,00 % Gastos xerais 37.087,01

6,00 % Beneficio industrial 17.117,08

Suma..... 54.204,09

PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN SIN IVA 339.488,79

21% IVA..... 71.292,65

PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN 410.781,44

